



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO MASTER INTERUNIVERSITARIO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL TRAMITADO COMO ANTICIPADO DE GASTO

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no que se adscribe a este departamento da Administración Autónoma, entre outras, as competencias en políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, orientación e promoción laboral.

No exercicio destas funcións, á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, correspóndelle a dirección e coordinación das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, así como a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, responsabilidade social empresarial, promoción do emprego de calidade e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, así como o impulso e desenvolvemento das políticas de igualdade laboral e de medidas de conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral nas empresas.

Así mesmo, correspóndelle a través da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, a promoción, coordinación e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de prevención de riscos laborais, así como o establecemento de vías de colaboración e cooperación técnica e institucional con organismos e institucións con competencias na materia.

É por isto que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a xestión e dirección laboral que orienten a súa carreira profesional ao



ámbito da investigación nesta área, por considerar que este é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

O obxecto do convenio consiste en regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da súa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e as tres universidades do sistema universitario de Galicia para o desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral, título autorizado polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante o Decreto 13/2007, do 1 de febreiro.

O convenio de colaboración formalizarase baixo o disposto no parágrafo primeiro da Resolución do 8 de abril de 1991, na que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con particulares e con outros entes públicos:-

A achega dos 15.000 euros financiarase a través da aplicación orzamentaria 14.02.324A.444.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, con código de proxecto 2021 00127, de acordo co artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo ós que se vaian a imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos aprobado polo Consello de la Xunta de Galicia do día 17 de outubro de 2025. Así mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión e que, todos os actos ditados no expediente enténdense condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e





de dereito existentes no momento en que se produciron.

De acordo co artigo 36 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta subvención concédese de forma directa ás universidades públicas de Galicia, por estar así previstas nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2026, polo que conforme ao artigo 37.2 do anterior Regulamento, o convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos correspondentes ós honorarios de profesores e relatores alleos á Universidade realizados no ano 2026, coa seguinte desagregación:

- Universidade de Vigo: 5.000 euros.
- Universidade de Santiago de Compostela: 5.000 euros.
- Universidade da Coruña: 5.000 euros.

As entidades beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e estarán suxeitas ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

